Informe

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A COMUNICACIÓN EN GALICIA 2002

SECCIÓN DE COMUNICACIÓN

Informe A COMUNICACIÓN EN GALICIA 2002

TAMÉN NA TELEVISIÓN
UN MONDO DIVERSO È POSSIBLE

MARGARITA LEDO ANDIÓN
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dende o punto de vista da producción, a tele articula a armazón audiovisual galega ó mesmo tempo que lle traslada a súa cultura particular: o serial, de intriga melodramática ou chocalleira, amais da serie do cotián documental. Dende o punto de vista da circulación, a tele segue representando, mellor ou peor, este seu rol de representante de comercio, con asistencia a mercados e con compromisos de coprodución, neste caso coas autonómicas da FORTA, ou coa privada de Lisboa, NBP, para a realización de *telemovies*.

O estancamento da longametraxe de ficción, un producto destinado á sala, ou a inexistencia da longametraxe documental, indican o albor dun certo pensamento único nos modos de entende-lo audiovisual consoante coas necesidades dunha televisión xeralista, de gran público, ou de público indiferenciado, un modo de pensa-lo audiovisual que tal vez conteña en si mesmo o xermolo do seu propio *cul de sac*. Por maior abastanza, o ritmo dos programas institucionais e, nomeadamente, as axudas ó desenvolvemento ou á realización seguen de tal maneira o calendario televisivo que unha subvención concedida na primavera esixe o producto, listo para consumo, no outono seguinte. Nin a maquinaria Hollywood resistiría ese frenesí. O resultado son productos rápidos, de usar e tirar, de usar e almacenar. A inexistencia práctica de incluír subtítulos ou da dobraxe -soamente un 6% da producción se pasa a castelán,

soamente un 9% se dobra para outras linguas- móstrano-la rutina dunha frustración que, aínda ben, non é só nosa pero que para nós ten uns custos colectivos que se non poden confundir no *mainstream* da problemática europea a respecto da cinematografía e do audiovisual.

En paralelo, e como se se tratase de dúas liñas que endexamais coinciden, a tele ten que pensarse como parte dunha sociedade nun momento delicado da súa propia capacidade de decisión, como activo da industria da comunicación e da cultura xusto cando estes termos significan, por toda Europa, a favor ou en contra, política da diferencia e proxectos para a materialización do *idearium* de servicio público, das expectativas no seo da construcción da sociedade do coñecemento e de espacio real para a creación.

Os asuntos quentes

Avantamos no último parágrafo que o problema da circulación da producción non é só noso. Así, neste segundo semestre do 2001, so a presidencia belga, a Comisión Europea, CE, enfróntase con algúns *dossiers chaud*, un deles a propósito da circulación e que está na orixe dunha comunicación da CE arredor, precisamente, da industria cinematográfica e audiovisual. A partir da consulta cos Estados membros e coas empresas do sector, a comisaria Viviane Reding propón unha serie de medidas –axenda 2002– que pretenden transformar un panorama inzado de múltiples e variados obstáculos, entre as cales está a creación dun depósito legal de obras europeas –medida que remarca o seu valor patrimonial–, especificidade fiscal –tratamento protector–, definición de normas para o cinema electrónico e, singularmente, a entrada en diálogo das políticas de axudas co chamado dereito da competencia, é dicir, cos intereses privativos de mercado.

Dende outra aproximación, resaltámo-la escolla que fai a comisaria Reding a prol de intervir no problema dende a análise global de factores culturais, económicos e políticos, escolla que poderá representar un punto de inflexión real no tocante a experiencias previas tocadas pola ideoloxía compartimental en troques de relacional.

Retornando á tele, e a risco de ter modificado o percorrido habitual dos textos que adoito comezan pola descrición para, de seguido, pasar á avaliación, entendemos dende xa que cómpre interrogarse do por qué, no caso galego, pasadas dúas lexislaturas en que as tres organizacións políticas que configuran en Galicia a trama institucional e que

comparten funcións no Consello de Administración da CRTVG, non se deron pasos para a elaboración dun compromiso sobre as funcións, os obxectivos, os mecanismos e os contidos de servicio público ou se trasladou ó Parlamento a necesidade dun debate de política xeral sobre os medios de comunicación. Máis incomprensible se pensamos que no ano que pasou se deu por primeira vez un movemento interno á TVG en que se reclama unha meirande independencia profesional e que, nas marxes que deixa o texto fundacional de 1984, a devandita independencia se garanta coa designación, non polo Goberno da Xunta senón por acordo das dúas terceiras partes da Cámara, dunha figura nodal no actual sistema como o é a do director xeral.

Aínda no plano das responsabilidades de Bloque-PSOE, a oposición, ¿como interpretar que non se aproveitase a redacción da Lei do audiovisual de Galicia para desfacerse da fórmula corporativo-administrativa, amais de aleatoria, do actual Consello Superior das Telecomunicacións e do Audiovisual e pasar a considerar unha autoridade independente, consultiva, executiva e de control, en sintonía coas democracias europeas ás que queremos pertencer e mesmo coas recomendacións do Valedor do Pobo ou da única comisión que, no seu día, funcionou no Senado baixo a presidencia da deputada Victora Camps? ¿Como interpretar que mesmo esa doa de luxo, unha lingua de noso en activo, non mereza un capítulo normativo, que considere non só as obrigas da televisión pública senón tamén o comportamento da estructura audiovisual galega e foránea cando pasa a constituír, en acto, a paisaxe da nosa producción cultural?

Todo indica que tamén sigan camiños paralelos as necesidades expresivas, comunicativas e mesmo de xogo de mercado dunha sociedade como a galega, no bando dos pobres de seu –reais e simbólicos, dos sen voz– no concerto internacional, e os resaibos das fórmulas de representación e de xestión polas que nos conduce a tríade do Hórreo. E aínda ben que se non conseguen entender por parellas. Por exemplo: ¿U-la segunda canle? ¿U-la dixital terrestre? ¿U-la Carta sobre a calidade –a reclamada profesionalidade, incluído o dereito de réplica ou a cláusula de conciencia– para a información televisiva ou para os dereitos das minorías?

Réstano-la tele no seu estado actual, coas súas eivas constitutivas sobre as que impuxo unha estratexia de acción en escenarios como o da diáspora, a política europea ou a experiencia de programar contidos para dinamiza-la producción independente e dende ela o galego como lingua para a versión orixinal. Só hai que lembrar que cando intervén a TVG, esta pasa do 67% ó 85%. E réstano-lo mundo:

> Fixemos unha película para relata-lo que se produciu de extraordinario en Xénova durante os días do G8. Animounos de modo sobranceiro o desexo de poder contribuír a lle dar un rostro e unha voz a aqueles que representan a milleiros de seres humanos privados do dereito a participar en decisións de consideración das que depende o seu porvir, o porvir do mundo. E tamén o desexo de comprender ese movemento de novo (iso que é nomeado "o pobo de Seattle") múltiple e complexo. Todos nós fomos a Xénova para coñecer, comprender e falar dese novo suxeito social, cultural e político. Era e é o noso desexo coñecer e facer coñecer esas grandes masas de rapaces que xulgan o sistema capitalista, tal e coma o coñecemos, incapaz de asegurar esta "pasaxe de civilización" na historia da humanidade (…).
>
> Asdo.: Ettore Scola e 54 autores italianos máis, asociados para filmar *Un mondo diverso è possible!* que tivo a estrea mundial en París, no centro universitario Censier, o 21 de novembro de 2001.

Dos feitos

Nós partimos non só da necesidade, senón da inevitabilidade, da TV pública como o nó organizador das funcións de servicio público como parte da democracia, en curto, como consecuencia e como causa do dereito á expresión, á cultura e á comunicación. Por iso, cando botamos contas facémolo a través das liñas de actuación que teñen que ver coa construcción identitaria –da cidadanía– e nos respectivos contextos nacionais, entre outras diferencias. Para nós a televisión non é tanto unha área que cómpre describir e sobre a que especular senón unha das condicións para a práctica das relacións sociais de comunicación.

En nota ós medios de comunicación, remitida o sete de agosto de 2001, a CRTVG gabábase non só de ter cumprido coa normativa comunitaria no exercicio do 2000, senón tamén de reforza-la filosofía desta, onde remarcaba que supera en tódolos casos as porcentaxes establecidas tanto para a difusión de obras europeas, arredor de catro mil horas, que representan un 70%, fronte do 51% que indica o artigo 5 da Lei 25/94, como na porcentaxe destinada a investimento en producción cinematográfica europea, preto do 10%, moi por riba do 5 que se sinala a partir da modificación e adaptación da directi-

va comunitaria “Televisión sen Fronteiras”. Tocante á suma destinada a programas de apoio á producción independente, a televisión pública de Galicia sitúa a súa porcentaxe no 16% contra do 10%. A transposición española da norma comunitaria, Lei 22/1999, que modifica a devandita, fixa un 5% do plan de explotación anual e neste senso a TVG, cun investimento dun 9% en telefilmes e mais longametraxes, exhibe o seu *plus* europeísta nunha paisaxe que, de deixarmos á marxe os casos de Francia e Alemaña, non se singulariza por segui-los mandatos da Unión. Esta fasquía poida que aínda adquira meirande interese de fixármonos no conxunto das estatais e autonómicas que, segundo o Informe Eurofiction 2000 da UAB, ofertaron para o mesmo período un 18,3 menos de ficción europea.

Pola súa banda, a intervención de Francisco Campos, director xeral da CRTVG, diante da Comisión de Control do Parlamento, o 28 de xuño de 2001, parábase no equilibrio orzamentario conseguido pola canle autonómica por sexto ano consecutivo; fíxose balance dos cinco primeiros anos do plan que pasou a coñecerse como “ficción feita en Galicia” e de fomento da cinematografía. De maneira significativa o máximo responsable da política da canle referíase á execución da normativa europea, ós acordos con outras canles para a difusión e comercialización a nivel español, europeo e americano e singularizaba os compromisos con sociedades portuguesas co mesmo fin.

Cun orzamento para o 2001 de catorce mil millóns de pesetas e segundo o Informe que a sociedade Compañía de Radiotelevisión de Galicia, CRTVG, elabora para a CMNTC, por sexto ano consecutivo acadou equilibrio orzamentario e continuou rebaixando unha débeda que no 1994 superaba os nove mil millóns de pesetas –con cincocentos millóns de amortización no 2000– e que arestora se sitúa en 3.858 millóns de pesetas.

Verbo das audiencias, punto de debate central para a redefinición da misión de servicio público e dos criterios que articulan a calidade televisiva, un non-lugar onde se conxuga o acceso da cidadanía a unha oferta representativa da cultura da época –p.e. os servicios *on line* ou a *webtv* é cultura da época– e do medio televisión verbo dos convencionais prensa e radio na súa misión de informar/entreter/formar, alén da innovación, a creatividade e a diferencia como parte desa cultura do medio –p.e. as series, o estudio de gravación, os presentadores–, no nivel cuantitativo a TVG incrementou no período a cota media diaria en preto dun punto verbo do 1998 (18,6 no 1999; 19 no 2000) coincidindo, como dato salientable, coa estabilización das teleseries de orixe galega.

Contemplada no conxunto do caso español e advertindo sempre da notación política na súa orixe, as canles autonómicas que responden á variante de suxeitos colectivos identificados por habitar un territorio na historia, so parámetros rexionais nuns casos, nacionais no caso de Cataluña, Euskadi e Galicia, identifícanse cunha programación de matriz xeralista na súa oferta primeira e nos casos de Cataluña e Euskadi coa variante cultural estándar nunha segunda canle. Na franxa de 20.30 h a 24 h a TVG acadou no primeiro trimestre do ano que andámo-lo 24,2 de cota de mercado (*share*), Televisió de Catalunya o 30,7 (TV3 o 25,6 e C33 o 5,1) e Euskal Telebista o 27,4 (ETB1 o 8,6 e ETB2 o 18,8), sendo estas tres canles as líderes de audiencia no cadro da FORTA[1]. Nesa mesma franxa horaria a TVG é a segunda canle máis vista en Galicia, onde o consumo de televisións públicas se sitúa no 58,8%, co 28,1 para a TVE1, o 24,2 para a TVG e o 6,5 para a TVE2.


Na oferta de contidos da TVG –segundo Zenith Media, a canle española con máis dedicación á información– salienta o incremento das desconexións locais para ensaia-lo modelo de proximidade, mentres que é a ficción de orixe galega a que adoito ocupa o *prime time* xunto con espacios de entretemento, tamén de producción propia, cos que se ten desenvolvido ese *tótem tv* do presentador de compañía e unha variante de neo-televisión co público de estudio de gravación digna de atención singular.

Na análise dunha mostra de 600 horas sobre a oferta que fai a TVG de programas almacenados, aqueles representarían un 22,5% do tempo de emisión –134 horas–, das que o 45,7% –61,5 horas– son de *stock* galego. Nas catro semanas analizadas é galega o total da oferta de documental. Pola contra, o capítulo de filmes é, tamén na súa totalidade, de producción allea. As series galegas de ficción, un chisco por riba das 16 horas, virían a ser pouco máis do 12% dos programas de *stock*. [2]

Tocante ás horas de emisión, dende 1998 a canle internacional Galicia TV permanece activa as 24 horas do día –un total de 8.760 horas anuais– e a TVG a penas sufriu variacións no período estudiado (8.106 horas para o 1999, 8.207 para o 2000). Xunto co sinal vía satélite para Europa e América, o informe de xestión da TVG destaca que a súa oferta na *Web* –50.000 páxinas de información en nove linguas– atópase xa na fase de reconversión en Portal a través de Internet e que dende novembro do 2000 difunde probas técnicas para dúas canles dixitais.

[1] Datos FORTA.

[2] As cifras e os exemplos están tirados do *Informe 1999-2000* do Observatorio do Audiovisual, ODA. Pódense consultar en www.usc.es/xorna/oda/



No punto de mira

Un outro *dossier chaud* da política europea arestora tamén é, por suposto, definir de vez o rol e o financiamento das canles públicas de televisión. E tamén, de sabermos como nos situar, o escenario xoga ó noso favor. Aínda recentemente, o seminario convocado polo Parlamento europeo o 16 de novembro baixo o espírito do Protocolo ó Tratado de Amsterdam, afirmaba a importancia dos servicios públicos de radiodifusión e,

en palabras de Richard Mille, ía tentar articula-las referencias xurídicas que o liberen da ameaza continua a que o someten as reclamacións das privadas –TF1 en Francia, TV5 en España– así como recentra-la súa misión.

En liña con este proceso fixámonos nun dos feitos de meirande relevancia e que entrecruzou as posicións da SEPI –Sociedade Estatal de Participación Industrial–, coa da Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e as da TVG, no mes de xullo de 2001, precisamente fronte do documento de reflexión da CE sobre axudas ós servicios públicos de radiodifusión, e, a partir, precisamente, da xa famosa afirmación, no Protocolo ó Tratado de Amsterdam (xuño de 1998), de que "o sistema de radiodifusión pública dos Estados membros (da UE) está directamente relacionado coas necesidades democráticas, sociais e culturais de cada sociedade e coa necesidade de preserva-lo pluralismo nos medios de comunicación".

Pois ben, o devandito documento de reflexión da CE foi rexeitado por axentes tan diferentes como os citados, tanto polo desprazamento interesado e aberrante que efectúa en canto asimila o concepto "servicio público" ó de "interese económico xeral" para, deste xeito, deixar sen contido a súa dimensión política e cultural, como por se extralimitar nas súas competencias en menoscabo dos Estados membros e da súa responsabilidade á hora de defini-las funcións de "servicio público" e de artellar, en cada caso, a súa execución.

Igual que Francia, Reino Unido ou Alemaña, o Estado español dispúxose a defender canda eles, ó abeiro da resolución do Consello da Unión Europea do 25 de xaneiro de 1999, o "Protocolo" e a critica-lo senso restrictivo que lle pretendeu da-la Comisión.

Polo seu valor estratéxico escolmámo-la resposta da Secretaría de Estado ó parágrafo 39 do documento, nomeado "a Comunicación", parágrafo que sostén que os sistemas de radiodifusión pública non deben estenderse a outras actividades que non sexan necesarias para as súas tarefas, criterio que implicaría "imposibilitarlles ós organismos de radiodifusión a asignación de misións de servicio público no cadro das novas tecnoloxías de difusión dixital en relación cos novos servicios da sociedade da información".

Nas razóns que engade a CRTVG, convén remarca-lo seu percorrido polos textos e declaracións europeas que fan referencia á diversidade lingüística e cultural e o seu fincapé, precisamente, na producción e programación de contidos audiovisuais europeos, máis caros –sinala a TVG na súa resposta– que os importados (americanos) e pola

necesidade, en situacións como a de Galicia, de considera-los espacios de carácter comercial que oferta a canle pública como parte do interese común. Velaí que despois de nos lembrar que a pesar de recibir outras cinco canles por ondas hercinianas, puntualiza:

> Todas elas utilizan unha lingua diferente á de Televisión de Galicia, S.A. e non porque veña existir norma algunha que lles impida usa-la mesma (o galego), ou técnica que non lles permita utilizar dúas linguas distintas para sincronizar unha imaxe única, senón porque o seu custo, en relación co número e o cativo potencial económico da poboación de Galicia, non lles resulta atractivo comercialmente para realiza-las súas emisións en lingua galega (…).

Trátase, quizais, do acto político de meirande significación que está a exerce-la CRTVG e non sabemos que tivese eco no Parlamento da nación. Ou, de así ser, que teña superado os muros do Hórreo para o espacio público, para contribuír á construcción do espacio público.

Réstanos, canda as posicións da TVG, saber ler e aplica-lo mandato europeo diante do escenario do Poder, diante da Organización Mundial de Comercio, OMC, un mandato redactado para Seattle e que tivo que agardar a Qatar. USA presentou no seu bando a Suíza, a Xapón e a Brasil. Un mandato polo que:

> A Unión vai querer garantir, coma no ciclo de Uruguai, a posibilidade de que a comunidade e os estados membros conserven e desenvolvan a súa capacidade de definir e traballa-las políticas culturais e audiovisuais para o mantemento da súa diversidade cultural.

Como unha andaina en espiral poderiamos tornar, arestora, á cuestión da circulación so a ollada dos espacios xeopolíticos e culturais de comunicación. Volve-los ollos para o establecemento de estratexias que contemplen a área de Northvision –de Finlandia ata Islandia– ou a céltica, afeitas ós subtítulos. Pensar que existe interese real, por parte da Xunta e da oposición, niso que identificamos como Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e que derivaría cara ó estudio dunha área audiovisual da lusofonía. E iso levaríanos a

problematiza-los contidos maioritarios que se están producindo, inadaptados ó mundo exterior, e desenvolve-lo tema da formación de rango universitario para o audiovisual de creación –outro dos asuntos quentes diante do que disimulan Goberno da Xunta e oposición– e entrar de cheo na fenda, cada vez máis profunda, entre ve-la tele e comprende-lo mundo.